



Todos os 8 de marzo, Día Internacional da Muller, vimos desenvolvendo diferentes actividades de concienciación e sensibilización no eido da igualdade de xénero.

O Maratón fotográfico é unha destas actividades. A fotografía poder ser un instrumento de reflexión sobre as desigualdades de xénero, por iso, esta actividade pretende, a través da observación e a creatividade, favorecer a visibilización destas desigualdades e provocar cambios de actitude en toda a sociedade.

Para que estes cambios se produzan é necesaria a implicación de toda a cidadanía. Por iso, dende a Área de Igualdade- CIM invitamos a participar a todas aquelas persoas que desfruten coa fotografía e que queiran facer a súa aportación a dito cambio.

O Maratón levarase a cabo o sábado 4 de marzo, no municipio de Vilagarcía de Arousa, segundo as presentes bases.

# 8M



DÍA INTERNACIONAL DA MULLER



**BASES**

# MARATÓN FOTOGRAFICO

A IGUALDADE DE XÉNERO



**SÁB 4 MARZO '23**

[10.00-23.59H]

**Comezo:**  
 Ás 10.00h, no Auditorio Mpal.  
**Prazo de inscrición:**  
 Ata o 1 de marzo de 2023.  
**Período de entrega das fotos:**  
 Das 19.00 ás 23.59h.



## REQUISITOS DOS PARTICIPANTES:

Modalidade infantil: nenos e nenas nados entre 2010 e 2015.

Modalidade xeral: a partir de 14 anos (incl.). Requisito único: ser afeccionado á fotografía. Non poderán participar profesionais.

## TEMÁTICA:

**A IGUALDADE DE XÉNERO.** Na modalidade infantil haberá unha única proposta. Cada participante poderá presentar ata tres fotografías a concurso. Na modalidade xeral concretaranse tres propostas, que se entregarán ao inicio do Maratón.

## INSCRICIÓN:

A inscrición realizarase por medio de solicitude, enviándoa por correo electrónico a [maraton.muller@vilagarcia.gal](mailto:maraton.muller@vilagarcia.gal). A folia estará dispoñible, xunto coas bases, en [www.vilagarcia.gal](http://www.vilagarcia.gal). Tamén se poderá facer efectiva a inscrición a través de [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal), cos certificados electrónicos oficiais, a través do formulario 01001 Solicitude xenérica e achegando o modelo de impreso propio do maratón. No caso da participación de menores de idade, deberá anexarse copia do DNI do pai, nai ou do representante legal. O prazo de inscrición comezará o día da publicación destas bases e estará aberto ata o 1 de marzo.

## DESENVOLVEMENTO DA MARATÓN:

**COMEZO:** Ás 10,00 horas do sábado 4 de marzo, no Auditorio Municipal, terá lugar a recepción de todas as persoas participantes, e levarase a cabo a asignación dos números de identificación, que deberán conservarse ao longo de todo o concurso. Nese intre, elixiranse os temas obxecto das fotografías entre varios sobres pechados con distintas propostas.

**CONTROIS:** Ademais da recepción inicial, haberá un control ao que todas as persoas participantes deberán presentarse. Este control terá lugar entre as 13.30 e as 14.30 horas, no CAD Gato Negro de Carril. Tanto na presentación inicial coma no control, responderanse todas as dúbidas que puideran xurdir con respecto ás bases e ao desenvolvemento.

**RECOLLIDA DAS FOTOS E FINAL DO MARATÓN:** Dende as 19.00h e ata as 23.59h dese mesmo día, as persoas concursantes enviarán as fotografías en arquivos anexos a [maraton.muller@vilagarcia.gal](mailto:maraton.muller@vilagarcia.gal). Na modalidade infantil, ata tres relacionadas co tema elixido. Na xeral, unha por cada un dos temas expostos. No asunto do correo electrónico aparecerá: MF e o número identificativo asignado a cada participante. No corpo do correo reflectirase soamente o número identificativo e, a continuación, o tema seguido do título completo de cada unha das fotografías. En arquivos anexos enviaranse as obras identificadas co tema e título.

## NORMAS RESPECTO ÁS FOTOGRAFÍAS:

As fotos entregaranse en arquivo JPEG. Poderán ser en color e/ou en b/n. O tamaño mínimo será de 20x30 cm. Non poderán incluír bordos, marcas de auga, sinaturas ou elementos similares. Permítese o uso de axustes dixitais mínimos (luminosidade, contraste, balance de brancos...).

Non se poderán engadir ou eliminar elementos que modifiquen a composición orixinal. A organización reservarase a posibilidade de esixir a presentación do arquivo orixinal (raw, tiff, jpg...) para comprobar a edición presentada a concurso. É responsabilidade das persoas concursantes que non existan dereitos de terceiros sobre as obras. Para corroborar que foron realizadas no día, comprobaranse os datos EXIF das mesmas, polo que é conveniente revisar a configuración das datas dos dispositivos que se utilicen.

## NORMAS DA MARATÓN:

Poderán participar as persoas previamente inscritas na Área de Igualdade, segundo as normas destas bases. Todas as fotografías deberán ser realizadas dende a extracción dos temas e ao longo do día nos límites xeográficos de Vilagarcía. Serán descalificadas aquelas persoas que non se presenten á recepción inicial e ao control no lugar e hora indicados, así como quen incumpra algunha norma reflectida nestas bases ou presente as instantánea fóra do horario establecido. Cada instantánea, xunto co seu título e o tema no que se encadra, forman un todo que se valorará conxuntamente dentro da temática xeral da igualdade de xénero. As obras presentadas quedarán en propiedade do Concello de Vilagarcía. O/a autor/a conservará a propiedade intelectual, pero cederá en exclusiva e irrevogablemente os dereitos de reprodución para a súa exposición, publicación ou calquera modalidade que o Concello considere oportuna. Tanto na presentación inicial coma na sesión de control, haberá un comité organizador facultado para resolver as dúbidas ou circunstancias especiais que puideran xurdir, así como para a interpretación destas bases. A súa decisión terá carácter definitivo.

## PREMIOS:

Modalidade infantil: o premio será unha cámara dixital tipo deportiva. Modalidade xeral: tres premios, un por cada un dos temas propostos, que terán unha contía individual de 200,00 euros. Aos mesmos se lles aplicará a lexislación vixente respecto das retencións fiscais.

## XURADO:

Será o encargado de seleccionar e valorar as fotografías. Estará composto por: Pta: Concelleira da Área, Tania García Sanmartín; Vogais: tres persoas relacionadas co mundo da fotografía, da imaxe, medios de comunicación... e unha do Consello Local da Muller; Secretaria/o: persoal técnico, con voz pero sen voto, encargado de levantar a acta da deliberación do premio. A decisión do xurado será inapelable.

## ENTREGA DE PREMIOS E EXPOSICIÓN:

O veredicto do xurado e a entrega de premios darase a coñecer o 30 de marzo. Ese mesmo día inugarase a exposición de todas as fotografías, destacando as premiadas e seleccionadas polo xurado polo seu interese e creatividade. A exposición poderase visitar na sala de Exposicións do Auditorio durante o mes de abril. Haberá tamén unha mostra virtual a través das redes do Concello. A participación no Maratón implica a plena aceptación destas bases.